



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E COGAMI RECICLADO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 6 de novembro de dous mil doce.

### REUNIDOS

Dunha parte, a **Excma. Sra. D.<sup>a</sup>. Pilar Rojo Noguera** na súa condición de presidenta do Parlamento de Galicia, actuando no seu nome e representación ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia.

Doutra parte, o **Sr. D. Ramón Domingo García Fianjo**, actuando en nome e representación de COGAMI Reciclado de Galicia S.L

Ámbalas partes recoñécense a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** O Parlamento de Galicia, institución autonómica básica ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, ten, en canto poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia e do artigo 60 do Regulamento da Cámara, autonomía para celebrar os acordos que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden.

**Segundo.-** O Centro Especial de Emprego para persoas con discapacidade, Cogami Reciclado de Galicia S.L (en adiante COREGAL), é unha empresa integramente participada por Galega de Economía Social (GES), entidade coa finalidade de organizar e xestionar C.E.E. sen ánimo de lucro. GES, á súa vez, está participada nun 80% pola Confederación Galega de Persoas



*Filer*

con Discapacidade (CoGaMi), O.N.G de ámbito autonómico constituída no ano 1990, co fin de defender os dereitos e integrar tanto social coma laboralmente ás persoas discapacitadas.

Dende o ano da súa constitución, en 1994, COREGAL está considerada como Centro Especial de Emprego, cualificación outorgada pola Xunta de Galicia, e posúe a correspondente autorización da Xunta de Galicia como Xestor de Residuos Sólidos Urbanos e Industriais

COREGAL ten o obxectivo prioritario de formar e crear emprego para o colectivo de discapacitados, tal e como figura nos seus estatutos (*"a sociedade terá por obxecto preferente a integración de persoas con discapacidade mediante a realización da actividade de recollida, reciclaxe e comercialización de papel e cartón usado así como a recuperación doutros produtos..."*), creando unha infraestrutura de servizos dentro do sector da XESTIÓN DE RESIDUOS RECICLABLES OU VALORIZABLES.

COREGAL, na súa labor de función social e igualmente de compromiso ambiental, incorporou ao mundo laboral a centos de persoas discapacitadas, e que hoxe son capaces de prestar un recoñecido servizo e experiencia na correcta xestión medioambiental dos residuos, acadando valores que permiten a máxima reutilización, reciclaxe e valorización dos compoñentes contidos nos residuos sólidos urbanos e industriais, co fin de reincorporar ó ciclo de consumo o máximo de materiais e minimizar o seu depósito nos vertedoiros.

**Terceiro.-** O Parlamento de Galicia, no seu propósito de aplicar sistemas de xestión sostibles que lle permitan actuar responsablemente na preservación dos recursos ambientais, está a desenvolver iniciativas de compromiso social relacionadas coa xestión integral de recollida, in situ, dos materiais susceptibles de reciclar que se xeran no interior do Parlamento de Galicia aplicando o modelo das 3 R: Reducir, Reutilizar, Reciclar.

Ademais do que supón este compromiso coa protección do medio ambiente, o Parlamento de Galicia destaca a especial importancia de poder acadar estes obxectivos, en colaboración con entidades galegas que contribúen a facer realidade causas de fondo compromiso social.

En consecuencia, as partes



## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración, para desenvolver un Sistema de Xestión Integral dos Residuos no Parlamento de Galicia, na procura de impulsar unha maior responsabilidade na aposta polas Tres R: Reducir, Reutilizar, e Reciclar, que favoreza exemplos para un consumo sostible dos recursos naturais, e un adecuado uso e tratamento dos residuos.

Este Convenio suxeitase ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto definir o marco de colaboración entre o Parlamento de Galicia e COREGAL S.L, que se concretará nas seguintes medidas e actuacións:

- a) O Parlamento de Galicia, e COREGAL desenvolverán conxuntamente un plan de recollida selectiva de envases lixeiros e plásticos, papelería e cartonaxe, vidro, equipos informáticos, madeiras, e outros materiais lixeiros que poidan acordar ámbalas partes, para o seu posterior tratamento en centros de xestión especializados en reciclaxe ou reutilización de residuos.
- b) Efectuarase unha xestión integral de reciclaxe, baseado na recollida selectiva e clasificación dos residuos lixeiros por parte do Parlamento de Galicia, e a súa retirada para destinalos á súa reutilización cando sexa posible, ou ó seu traslado a unha planta de reciclaxe, por parte de COREGAL.

### SEGUNDA.- SISTEMA DE COLABORACIÓN

O sistema de colaboración está fundamentado nas seguintes premisas:

- a) O Parlamento de Galicia disporá de papeleiras e/ou depósitos específicos de reciclaxe, repartidos polo interior do edificio do Parlamento, encargándose do proceso de recollida e separación en orixe, e traslado do material a contedores de maior capacidade, os



- cales estarán depositados nun lugar establecido dentro do edificio do Parlamento e denominado coma "Punto Limpo de Reciclaxe".
- b) As papeleiras e/ou contedores de reciclaxe estarán perfectamente identificados en clave de cores;
  - c) A entidade COREGAL será a encargada de dotar o "Punto Limpo de Reciclaxe" con contedores e/ou gaiolas de clasificación selectiva, e que estarán debidamente identificados por clave de cores segundo o material a depositar. Estes contedores terán a capacidade suficiente para depositar os envases e materiais recollidos nas papeleiras de reciclaxe situadas no edificio.
  - d) A entidade COREGAL establecerá unha frecuencia periódica de recollida para dar traslado dos residuos depositados e clasificados no "Punto Limpo de Reciclaxe" aos centros de tratamento de reciclaxe acreditados cos que traballe.
  - e) O "Punto Limpo de Reciclaxe" estará perfectamente sinalizado, indicando as características de cada contedor coa súa respectiva identificación de cor, e levará un texto co nome de "Punto Limpo de Reciclaxe". Corresponderá ao Parlamento de Galicia a súa identificación e colocación.
  - f) A clave de cores a establecer será a seguinte: verde-vidro; amarelo-envases lixeiros e plásticos; azul-papel e cartón; negro/vermello-pilas.
  - g) A entidade COREGAL entregará coa periodicidade demandada un informe ao Parlamento de Galicia con información relativa ao volume e/ou cantidade de residuos recollidos, o seu destino final, así como as certificacións acreditativas dos xestores que recollen o material retirada do Parlamento de Galicia.
  - h) Na publicidade de calquera presentación ou publicación relativa á actividade referida no presente documento, figurará que se realiza ao abeiro deste convenio.

### **TERCEIRA.- CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS RESIDUOS E OS PROCEDEMENTOS DE RETIRADA.**

As condicións de admisión dos residuos e os procedementos de retirada dos mesmos se atinxirán ás seguintes normas:

#### **3.1.- Residuos non perigosos**



### A. PAPEL E CARTÓN

- Descrición: Todo o que constitúan envases de papel e cartón, cartón limpo, revistas, periódicos, libros, papel de oficinas, etc.
- Condições de admisión: Ausencia de material impropio (flexes, porespán, plásticos...) ou material impregnado con aceites, graxas, etc.
- Acondicionamento: Este material será recollido polo Parlamento de Galicia nas papeleiras interiores e/ou outros sistemas, e depositado no "Punto Limpo de Reciclaxe", en medios dispostos por COREGAL (xaulas ou colectores).
- Procedemento de retirada: Establécese inicialmente un máximo dunha recollida semanal. De ser necesaria unha variación na frecuencia, esta será negociada entre ambas partes.

### B. ENVASES LIXEIROS

- Descrición: Envases de plástico (botellas de refresco, augas minerais, etc.), latas (de refrescos, etc.), envases tipo brik (zumos, e todo aquel que inclúa láminas de aluminio ou outro metal para conservar).
- Condições de admisión: Ausencia de material impropio (flexes, porespán, papel e cartón, vidro...).
- Acondicionamento: Este material será recollido polo Parlamento de Galicia nas papeleiras interiores e/ou outros sistemas, e depositado no "Punto Limpo de Reciclaxe", en medios dispostos por COREGAL (colectores de 120/240 L).
- Procedemento de retirada: Establécese inicialmente un máximo dunha recollida semanal. De ser necesaria unha variación na frecuencia, esta será negociada entre ambas partes.

### C. ENVASES DE VIDRO

- Descrición: Envases de vidro (tarros, frascos e botellas).
- Condições de admisión: Ausencia de cristais, espellos, vidro plano.
- Acondicionamento: Este material será recollido polo Parlamento de Galicia, e depositado no "Punto Limpo de Reciclaxe", en medios dispostos por COREGAL (colectores).
- Procedemento de retirada: Establécese inicialmente unha recollida quincenal. De ser necesaria unha variación na frecuencia, esta será negociada entre ambas partes.

### D. MADEIRAS



- Descrición: Madeiras sen mesturar con ferros, cristais, plásticos , etc.; palets, caixas de madeira, restos de recortes...
- Condicións de admisión: Ausencia de cristais, plásticos, e de madeiras contaminadas con produtos químicos.
- Acondicionamento: Este material será recollido polo Parlamento de Galicia, e depositado no "Punto Limpo de Reciclaxe".
- Procedemento de retirada: COREGAL realizará a recollida; o procedemento a empregar virá condicionado polo volume a retirar, e no caso de supor custo algún para o Parlamento, o prezo acordarase entre as partes, dependendo do volume e medios necesarios para a retirada.


### E. RESIDUOS METÁLICOS

- Descrición: Chatarras, estanterías metálicas, mesas, maquillas, soportes férricos.
- Condicións de admisión: Ausencia de materiais impropios.
- Acondicionamento: Este material será recollido polo Parlamento de Galicia, e depositado no "Punto Limpo de Reciclaxe".
- Procedemento de retirada: COREGAL realizará a recollida; o procedemento a empregar virá condicionado polo volume a retirar, e no caso de supor custo algún para o Parlamento, o prezo acordarase entre as partes, dependendo do volume e medios necesarios para a retirada.

É importante sinalar que os equipos que se atopen nun estado que permita a súa reutilización, serán empregados preferentemente para doazóns ou utilizacións en aulas de informática, talleres ou centros de formación. Neste caso, a retirada do material efectuarase a través de gaiolas proporcionadas por Coregal para o seu acopio no "Punto Limpo de Reciclaxe". Todo iso será debidamente acreditado mediante os certificados correspondentes, co obxecto de que o Parlamento de Galicia teña constancia do destino do material retirado.

### 3.2.- Servizo de destrución documental

- Descrición : Coregal presta o servizo de destrución documental, servizo realizado previa solicitude, e en transporte específico, para garantir a cofidencianlidade dos documentos, posteriormente emitirase un certificado acreditativo do material/documentación destruído.
- Condicións de admisión: Ausencia de impropios.
- Material que se pode destruír: Documentos (poden estar en AZ's), Diskkets, Cintas de vídeo, Casetes de datos e materiais análogos.
- Prezo destrución: 0,10€ /Kg



### **3.3.- Residuos Perigosos**

#### **A.- ENVASES METÁLICOS CONTAMINADOS:**

- Descrición: Envases metálicos baleiros que contiveron sustancias perigosas.
- Condições admisión: Contido máximo de produto orixinal: 3%. Ausencia de líquido libre.
- Acondicionamento: En sacos big-bag homologados UN para o transporte.
- Prezo tratamento: **215,00 €/Tm** (peso bruto)

#### **B.- ENVASES PLÁSTICOS CONTAMINADOS:**

- Descrición: Envases de plástico (PE o PP) baleiros que contiveron sustancias perigosas.
- Condições admisión: Contido máximo do produto orixinal: 3%. Ausencia de líquido libre.
- Acondicionamento: En sacos big-bag homologados UN para o transporte.
- Prezo tratamento: **275.00 €/Tm** (peso bruto)

#### **C.- PINTURAS, DISOLVENTES:**


- Descrición: Residuos líquidos ou pastosos de pinturas, disolventes, adhesivos, produtos para pinturas ou vernices.
- Condições admisión: Ausencia de disolventes clorados (decapantes, cloruro de metileno..) ou revestimentos en base a clorocauchos
- Acondicionamento: Garrafas de 25 L ou os envases comerciais dentro de bidóns de 200 L homologados UN para o transporte.
- Prezo unitario: **620,00 €/Tm** (peso bruto)

#### **D.- ENVASES A PRESIÓN – AEROSOIS:**

- Descrición: Aerosois domésticos baleiros ou con produto. Outros gases en envases a presión.
- Acondicionamento: Bidóns de 60 o 200 L homologados UN para o transporte.
- Prezo tratamento: **1.613,40 €/Tm** (peso bruto)

#### **E.- PILAS ESGOTADAS:**

- Descrición: Residuos sólidos de pilas salinas e alcalinas.
- Condições admisión: Ausencia de derrame de electrolito. Non mesturar pilas botón.



- Acondicionamento: Bidón metálico 200 L ó PE 60 L homologados UN para o transporte.
- Prezo tratamento: **432,18 €/Tm** (peso bruto)

#### F.- TUBOS FLUORESCENTES:

- Descrición: Residuos sólidos para o reciclado: Tubos fluorescentes esgotados.
- Condições admisión: Tubos enteiros. Admitirase un máximo do 5% dos tubos rotos
- Acondicionamento: Caixas de cartón específicas sobre palet
- Prezo tratamento: **1.555,26 €/Tm** (peso bruto)


#### G.- CHATARRA ELECTRÓNICA:

- Descrición: Residuos de equipos electrónicos. Inclúe monitores, TV, CPU, periféricos, placas impresas. Compoñentes electrónicos de ordenadores, electrodomésticos, equipos de comunicación.
- Condições admisión: Ausencia de compoñentes con PCB
- Acondicionamento: Paletizados de forma segura para o transporte ou dentro de estruturas metálicas GRG (L)
- Prezo tratamento: **490,00 €/Tm** (peso bruto).

É importante sinalar que os equipos que se atopen nun estado que permita a súa reutilización, serán empregados preferentemente para doazóns ou utilizacións en aulas de informática, talleres ou centros de formación. Neste caso, a retirada do material efectuarase a través de gaiolas proporcionadas por Coregal para o seu acopio no "Punto Limpo de Reciclaxe". Todo elo será debidamente acreditado mediante os certificados correspondentes, co obxecto de que o Parlamento de Galicia teña constancia do destino do material retirado.

#### H.- ABSORBENTES CONTAMINADOS:

- Descrición: Residuos sólidos impregnados de aceite, pinturas ou outras sustancias perigosas, incluíndo trapos, papel, plástico, latiguillos, gomas, guantes, residuos de contención de derrames (sepiolita, area, serrín)
- Condições admisión: Ausencia de líquido libre. P.I. >60°C. Ausencia de CN e PCB.
- Acondicionamento: Sacos big-bag o bidóns de 200 L homologados UN para o transporte
- Prezo tratamento: **368,23 €/Tm** (peso bruto)



### I.- PRODUTOS QUÍMICOS EN PEQUENOS ENVASES:

- Descrición: Residuos sólidos ou líquidos de produtos químicos en envases de menos de 5L. Inclúe reactivos de laboratorio, produtos de limpeza especialmente corrosivos ou tóxicos como desatascadores, sosa, amoníaco, adhesivos en base a cianoacrilatos, pequenas cantidades de disolventes, instrumentos con mercurio.
- Condições admisión: Listado completo dos produtos incluídos, separados por produtos compatibles.
- Acondicionamento: Bidóns de 60 L homologados UN para o transporte.
- Prezo tratamento: **5,29 €/kg** (peso bruto)

### J.- BATERÍAS PB:

- Descrición: Baterías de chumbo completas coa súa carga de electrolito
- Condições admisión: Ausencia de derrame de electrolito.
- Acondicionamento: Paletizados ou, en caso de presentar fugas, bidón metálico 200 L ou PE 60 L homologados UN para o transporte.
- Prezo tratamento: **Retirada sen custo.**


### K.- ACEITES MINERAIS USADOS:

- Descrición: Residuo líquido de aceites lubricantes, hidráulicos ou térmicos.
- Condições admisión: Auga < 10 %, PCB < 50 ppm; Cloro < 0,7%; Sólidos en suspensión < 2%
- Acondicionamento: Bidóns de 200 L de dúas bocas ou contedor de 1000 L (3)
- Prezo tratamento: **Retirada sen custo**

### L.- ACEITES DE COCIÑA USADOS:

- Descrición: Residuo líquido de aceites lubricantes, hidráulicos ou térmicos.
- Condições admisión: Auga < 10 %; PCB < 50 ppm; Cloro < 0,7%; Sólidos en suspensión < 2%
- Acondicionamento: Bidóns de 200 L de dúas bocas ou garrafas de 25 L para líquidos Homologados UN para o transporte.
- Prezo tratamento: **Retirada son custo**

**Transporte:** Prezo para o servizo de transporte dos residuos perigosos: para carga posta sobre camión a través de vehículo automatizado segundo normativa ADR – TPC. O transporte realizarase dende os puntos limpos ós centros de transferencia.



- Carga compartida en camión caixa: **95 €/palet.**

O tempo máximo de resposta establécese nun mes dende a recepción do pedido. No caso de precisarse unha retirada de urxencia que non permita coordinar as cargas no prazo establecido, facturárase un mínimo de 390 € por retirada

#### **CUARTA.- OBRIGAS.**

A) O Parlamento de Galicia farase cargo da instalación de papeleiras recipientes de recollida selectiva situados no interior do edificio.

Para o suposto de que o Parlamento de Galicia precisara retirar equipos electrónicos, residuos perigosos e/ou outro material voluminoso que requira tratamento ou autorizacións especiais, o Parlamento de Galicia poderá contar cos servizos de Coregal, abonándolle os prezos de tratamento á que se fai referencia nas respectivas cláusulas.

B) COREGAL, asumirá, pola súa parte, os gastos relativos á dotación con contedores e/ou gaiolas do "Punto Limpo de Reciclaxe". Igualmente, a retirada, transporte e entrega en centro de xestión autorizado de tódolos materiais depositados no "Punto limpo" do Parlamento. Esta xestión non suporá custe ningún para o Parlamento, agás os contemplados para a xestión especial e residuos perigosos, conforme acordo específico e puntual establecido por ámbalas partes, segundo se reflicte no apartado anterior.

#### **QUINTA.- DURACIÓN.**

Este convenio executarase durante un período de 48 meses, esgotando a súa vixencia en novembro de 2014. Poderá ser renovado expresamente por acordo de ambas partes por períodos anuais.

#### **SEXTA.- SEGUIMIENTO DO CONVENIO.**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que lle corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Esta comisión reunirse cando as partes o consideren conveniente e serán funcións súas:

- 1.- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- 2.- Informar, presentar e propoñer sobre a marcha posibles modificacións que as partes consideren necesarias levar a cabo no

texto do convenio, como consecuencia das necesidades de adecuación técnica que se deriven pola execución das actuacións previstas na cláusula primeira e segunda deste convenio.

3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

5.- En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.

#### **SÉTIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL.**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e o Parlamento de Galicia.

#### **OITAVA.- RESOLUCIÓN.**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada con quince días de antelación e causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.

#### **NOVENA. RÉXIME XURÍDICO.**

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas polas demais normas de dereito administrativo e no seu defecto polas normas de dereito privado, e de conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.





E en proba de conformidade asíñase o presente convenio por triplicado exemplar na data e lugar indicados no encabezamento.

A Presidenta do Parlamento de Galicia

Cogami Reciclado de Galicia S.L



Asdo.: Pilar Rojo Nogueira



Asdo.: Ramón Domingo García Fianjo

Intermedio a continuación  
na data 11-12-2011  
© INTERVENIO